

DOSSIER

ECONOMÍA SOCIAL DE GALICIA



XUNTA DE GALICIA

7H COOPERATIVA CULTURAL

**CREACIÓN + ACCIÓN CULTURAL +
ECONOMÍA SOCIAL**


7H é unha empresa cooperativa adicada á creación e a acción cultural, así como á formación e promoción na economía social da que forma parte.


Conformada por creadoras, axentes e formadoras de moi distintas disciplinas, traballan conxuntamente na creación de proxectos globais por e para as persoas.

637 894 033 / 645 551 184

7hcoop@7hcoop.es

7hcoop.es





O CABLE INGLÉS COOPERATIVA CULTURAL


TRAXES CULTURAIS A MEDIDA

Recuperan un dos episodios máis descoñecidos da nosa historia como metáfora para crear e comunicar cultura a través da xestión integral de proxectos culturais sostibiles implicados co territorio e os seus habitantes, ofrecendo servizos de comunicación, produción e deseño.

653 477 154 / 650 579 208

info@ocableingles.com

ocableingles.coop



o cable inglés

cooperativa cultural

REXENERANDO S. COOP. GALEGA

**ACHEGÁMONOS Á REALIDADE CUN OLLAR
NOVO. CENTRADAS NAS PERSOAS.
ESTAMOS AO SERVIZO DA COMUNIDADE**

É unha cooperativa composta por un equipo aberto, dinámico e multidisciplinar. Especialistas en igualdade, participación social e cultural. Teñen unha ampla e variada carteira de servizos de alta calidade. Sempre formándose para formar.

Para eles a cultura é un lugar de encontro e un axente de cambio: integra, cohesiona, cuestiona e crea un mundo novo.

698 157 414

comunicacion@rexenerando.com

rexenerando.com



rexenerando

XEITURA S. COOP. GALEGA

Xeitura: xestión Patrimonio Cultural é unha cooperativa que traballa no ámbito da economía social dende a provincia de Ourense. A súa actividade relaciónase cos servizos culturais e de ocio, especialmente centrados no ámbito da arqueoloxía, o turismo e a formación.

651 017 416 / 686 800 543 / 650 057 011

contacto@xeitura.com

xeitura.com



Xeitura **coop**
xestión Patrimonio Cultural

URDIME S. COOP. GALEGA

A URDIME é o conxunto de fíos paralelos que se manteñen en tensión nun marco ou tear; diferenciándose dos que tecen a trama ou rede, xerando o tecido.

Esta "URDIME" nace froito da unión das sinerxias de varios profesionais da xestión cultural, construíndo pontes e camiños que xuntan coñecementos e enerxías, co fin de xestionar proxectos culturais relacionados coa infancia e a xuventude.

981 937 424 / 619 920 335

info@urdime.net

urdime.net



Urdime
PROPOSTAS CULTURAIS

CESTOLA NA CACHOLA

S. COOP. GALEGA

Son tres persoas que conforman unha empresa onde combinan propostas ligadas á pintura e a economía social e solidaria. Teñen experiencia no eido da ilustración, o muralismo, a formación cooperativa e a consultaría social e traballan a nivel galego combinando a creación de propostas sociais e culturais.

679 342 562

info@cestolanacachola.org

cestolanacachola.org



cestolanacachola

DEZDEDEZ SOCIEDADE LABORAL

Dezdedez ou 10D10, fundada en 1999 e ubicada na cidade da Coruña, centra a súa actividade na xestión cultural: representación de artistas, xestión de programacións musicais, obradoiros formativos de asociacionismo, iniciación á radio e como conseguir concertos, así como á organización global de eventos.

981 140 045 / 677 428 150

consultas@10d10.net

10d10.net



10D10

PUBLICIDADE+XESTIÓN CULTURAL+OCIO



XENEME SOCIEDADE LABORAL

XENEME é unha consultora galega de proxectos sociais, educativos e culturais.

**Dinamizamos,
formamos,
asesoramos,
xestionamos.**

Empoderamos.

Desde 1998.


626 319 538

info@xeneme.com

xeneme.com



XENEME
proxectos sociais



MIRAXE S. COOP. GALEGA


Miraxe é unha cooperativa cultural de traballo asociado que ofrece servizos de xestión, organización e produción de proxectos e eventos.

Miraxe son: Daniel Abalo, Felipe Alcalde, Francisco Javier Baldomir, Ricardo Barroso, Antón Cabado, Javier Carnota, Carlos Boado, Pablo González, Rosa Salgado e Borja Villaronga. Miraxe conta cunha vantaxe de partida: a importante carteira de clientes que proveñen da bagaxe dos socios fundadores e que comenza xa a medrar nestes primeiros pasos da cooperativa. Están a traballar no desenvolvemento de actividades e accións formativas, non só para os socios senón para outras cooperativas ou profesionais do sector interesados.

639 350 879 / 696 465 202

miraxe@miraxe.coop
rosasalgado@miraxe.coop
carlosboado@miraxe.coop

Miraxe
S. Coop. Galega



SACAUNTOS S. COOP. GALEGA

A Sacauntos é unha cooperativa de traballo asociado que mediante as súas dúas áreas de actividade, imprenta (Sacauntos) e editora (Urco), ten os seguintes obxectivos sociais: a defensa da lingua, do tecido asociativo galego, do deporte de base, da igualdade de xénero en Galicia e apoio á dinamización cultural no país.

981 576 883 / 604 026 099

info@sacauntos.com

info@urcoeditora.com

urcoeditora.com



**saca
untos**



cooperativa
gráfica

CEGASAL

**ASOC. EMPRESARIAL GALEGA DE CENTROS
ESPECIAIS DE EMPREGO SEN ÁNIMO DE LUCRO**

É unha organización empresarial sen ánimo de lucro de carácter multisectorial que se constitúe en 1997 como entidade de referencia, defensa, promoción e representación das iniciativas empresariais sen ánimo de lucro de economía social, como son os centros especiais de emprego cuxo obxectivo é fomentar o emprego de calidade das persoas con discapacidade e persoas en situación de risco de exclusión social e a súa inclusión na actividade económica, social e empresarial de Galicia.

981 574 698

info@cegasal.com

cegasal.com



CUNDE S. COOP. GALEGA

Esta cooperativa naceu da man de tres profesionais que xuntaron as súas habilidades e a súa experiencia nun proxecto común que non deixou de medrar e multiplicarse desde a súa creación. Nos últimos tempos diversificou a súa actividade abríndose tamén a eventos deportivos e científicos, tanto a nivel galego como internacional.

Cunde encárgase do deseño, xestión, coordinación e produción de eventos culturais ou de calquera outro tipo, achegando sempre as mellores solucións para o proxecto que o cliente teña en mente. Así mesmo, poñen a disposición a mellor selección de persoal e os servizos auxiliares precisos -todo tipo de medios e recursos- para levar adiante calquera evento.

637 734 396 / urri@cunde.gal


649 381 132 / ivan@cunde.gal

676 865 908 / cecilia@cunde.gal

cunde@cunde.gal



www.cunde.gal



CATRO VENTOS EDITORA

S. COOP. GALEGA

Xorde da combinación de dous elementos igual de importantes: o desexo de poder desenvolver unha actividade profesional que non só sexa viable economicamente, mais tamén coherente cos principios éticos das persoas socias que participan no proxecto; e a constatación de que existe un baleiro no mundo editorial galego nos eidos da economía social e da ecoloxía, malia o crecente interese da sociedade en xeral por estas cuestións.

699 236 846

comunicacion@catroventos.gal

catroventos.gal



MIUDIÑO S. COOP. GALEGA

A Cooperativa Miudiño nace do mundo da ilusión e dos soños, alimentada de tres grandes paixóns: a infancia, a natureza e o patrimonio cultural, que combinados entre sí van dando vida a todo o que fan: música, xogos e xoguetes, obradoiros e contos.

O amplo repertorio de Cé Orquestra Pantasma xunto ao marabilloso "Fíos do querer" complementáanse con obradoiros variados e a venda e aluguer de xogos e xoguetes de madeira, de alta calidade e de elaboración propia e artesá.

653 025 908

contacto@miudinho.gal

miudinho.gal



REDE EUSUMO

A Rede Eusumo é uha rede de colaboración impulsada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social. Con ela procúrase o fomento do espírito emprendedor prestando apoio directo á creación e consolidación de emprego con base na economía social.

Este modelo de negocio é entendido como o conxunto de actividades económicas e empresariais, que no ámbito privado levan a cabo aquelas entidades que perseguen o interese colectivo dos seus integrantes e o interese xeral económico ou social

info@eusumo.gal

eusumo.gal



eusumo
Cooperativismo e Economía Social

galiciã



XUNTA
DE GALICIA